

Os refráns

Son unha parte da riqueza da nosa cultura. Mantéñense aínda moitos refráns vivos e funcionais.

O feito de que aínda soen moitos en Trazo axúdanos a entender un cúmulo de experiencias da sabedoría popular.

Aprendelos e difundílos para que non durman no esquecemento é unha parte do noso traballo, co que queremos contribuir a manter o patrimonio inmaterial.

- No mes de San Martiño, mátese o porco e próbase o viño
- Polo san Martiño colle o sachó e queima o fouciño.
- Castañas, nozes e viño fan a ledicia do san Martiño.
- A horta no outono mantén ao seu dono
- A horta de san Martiño mantén ao seu dono e ao seu veciño.

– Auga de maio, pan para todo o ano

– En xullo o meu trigo e en agosto o do meu veciño

– Dixo o trigo ao sementador, cun grao ou con dous en xullo estou con vos.



Que non se perda a bagaxe cultural do noso pobo nin desaparezan as nosas costumes e tradicións



A concesión do proxecto didáctico otorgado pola Fundación “Antonio Fraguas” e a súa dotación económica, permitiulle ao Centro Público de Trazo o estudo da evolución da agricultura e as súas repercusións no patrimonio inmaterial.

Froito deste proxecto didáctico é a presente exposición na que se amosa o traballo do alumnado recollendo a esencia da mesma en paneis moi significativos.

Toda a mostra é unha chamada á sociedade a coidar e manter o patrimonio inmaterial que son as nosas raíces culturais.

COLABORA



CONCELLO DE TRAZO

QUE NON SE PERDA A BAGAXE CULTURAL DO NOSO POBO NIN DESAPAREZAN AS NOSAS COSTUMES E TRADICIÓNS

Presentación do concello

O concello de Trazo está situado na comarca de Ordes, provincia de A Coruña. Limita ao norte co concello de Tordoia, ao sur co de Santiago de Compostela, ao leste cos de Tordoia e Oroso e ao oeste co de Val do Dubra. Posúe una superficie total de 101,4 km² e a súa poboación a comezos do ano 2010 era de 3498 habitantes, segundo o padrón municipal. Está integrado por 11 parroquias e a súa capital é a aldea de Viaño Pequeno, sita na parroquia de Campo. Nesta aldea, ademais da casa do concello e outras institucións municipais, atópase o C.P.I. desde o que se vai facer este estudo.



	Superficie (km ²)	Poboación
BENZA (S. Pedro)	9,5	418
BERREO (S. Mamede)	7,91	295
CAMPO (S. Xoán)	11,06	413
CASTELO (Sta. María)	6,3	240
CHAIÁN (Sta. María)	7,93	485
MONZO (S. Martiño)	7,12	180
MORLAN (Sta. María)	10,6	235
RESTANDE (Sta. María)	7,51	354
TRAZO (Sta. María)	9,5	198
VILLOUCHADA (S. Vicente)	9,09	162
XAVESTRE (S. Cristovo)	17,1	740

Agricultura tradicional

A propiedade da terra: O réxime predominante era a explotación directa, aínda que tamén existían algúns caseiros (que pagaban entre a metade e a terceira parte da colleita) e 2 dos informantes máis vellos recordan a existencia dos foros.

Cultivos: O sistema tradicional era o policultivo de subsistencia, sendo o millo e o trigo os que ocupaban, case a partes iguais, a maior parte das terras de labradío. Tamén eran importantes o centeo, as forraxas, as patacas, o liño, as fabas e as hortalizas.

Instrumentos e técnicas: Os apeiros máis importantes eran de madeira, arado, grade, carro... sacho, lampo,... Máis tarde introduciuse o veso. Como animais de tiro empregaban os bois e as vacas (ás veces mulas), e como abonos empregaban o esterco, a borrala e as follas. (Tamén se utilizaba o mineral no cultivo das patacas e ás veces no do trigo).

O destino da produción era o autoconsumo. O campesiño trataba de producir todo o que lle facía falta e un pequeno excedente para a venda (trigo, patacas, fabas, algún animal, ovos...) e así poder mercar algún produto que non podía producir e pagar os impostos.

Os únicos signos de modernización que se observaban eran o emprego da máquina de mallar (xa se introduce a finais da década de 1920) e a utilización do mineral nalgúns cultivos.



A malla

Era a tarefa colectiva por excelencia. Aínda que os máis vellos lembran a realizada cos mallos, e algúns outros a realizada cos animais, a máis tradicional era a realizada cunha trilladora conectada a un motor a través dunha correa.

A malla realizábase a finais de xullo – principios de agosto e nela participaban entre 30 e 50 persoas. A duración da malla de cada grupo duraba entre 10 e 15 días. (Cando a aldea era pequena xuntábase xente de 2 ou 3 para acadar o número de persoas necesario).

Nela había unha división do traballo segundo o sexo e a idade, así:

- Os nenos botaban os mollos da meda e axudaban co gran.
- As mozas retiraban a palla da máquina, espallábana e facían as gavelas.
- Os mozos carrexaban a palla para o paleiro.
- As mulleres ocupábanse do gran, varrían a eira.
- Os homes facían o paleiro, axudaban aos maquinistas a meter o pan na trilladora.

Aínda que era un traballo cansado eran frecuentes as bromas e brincadeiras entre mozos e mozas e, as veces, facíanlle algunhas falcatruadas ao dono, como meter no medio do paleiro un apeiro agrícola.



Remedios de curación

Cando se tiñan calafrios.

Cando unha persoa tiña gripe con febre e calafrios, botábase nun pano caña da casa e dábanselle fregas no lombo. Logo collíanse estrugas e así crúas tal cal, ou envoltas nun pano, volvíanse a dar fregas no lombo ata que o quedaba avermellado.



Cando se tiña moita tose.

Tómanbanse infusións feitas con:

- Auga fervida con flores de malvas,
- Auga fervida con mel,
- Auga fervida con ourego,
- Auga fervida con romeu e mel,
- Auga fervida con romeu, ruda e coucelos.

Cortábase unha cebola en anacos e poñíanse nun prato na mesiña de noite para respirar eses vapores que soltaba a cebola.



As festas

Conforman unha necesidade de expresión e de relación.

Son uns momentos, no calendario, esperados e desexados.

Case todas están vinculadas a unha devoción, a un Santo ou Santa. Nas romarías uníase un sentir relixioso e profano.

Algunhas estaban vinculadas, como o San Mateo, á feira dos bois, outras eran nas que se mercaban os traxes ou os estreaban ese día para todo o verán ou todo o inverno.

Outras, como a de Sta. María das Augas Santas de Chaián da que din que había sete fontes e a xente botaba auga nos campos para que secaran os vermes.

Polo San Lucas en outubro facíase a convidada, as mulleres pagaban a rosca e os homes o viño. O dito é:

A feiriña de San Lucas
festa de pasar o tempo,
que por ela se pasean
catro cabezas de vento.



Festa do San Mateo



Festa de Santa Eufemia

Tarefas agrícolas colectivas

Participaban a familia e os veciños. Isto mantense aínda algo na actualidade.

Aos que veñen axudar dáselles a cea. Non se lles paga nada; só hai que ir axudalos cando eles o necesiten.

As tarefas eran:

- As mallas: Mallar o trigo
- As segas: Segar o trigo, a herba
- Sachar as patacas, o millo...
- Esfollar o millo
- Ensilar a herba

As comidas eran:

- Merendas de fariña con rixóns
- Caldo
- Merendas de trigo
- Papas de millo
- Callos
- Carne con patacas
- Cacheira
- Unto

